Planeta lingua

COMO ESTÁN A VIVIR OS ESTUDANTES A CRISE?

CONTAMOS COMO ESTUDAN OS ALUMNOS DO SOFÍA.

QUE SON OS KGOYS?

APRENDER DESDE O MUSEO

A QUEN SE ADICA O DÍA DA LETRAS GALEGAS DO ANO 2014?

MONOGRÁFICO:

O QUE NON SABES DOS VAMPIROS.

A SAGA CREPÚSCULO.

GRECIA: DEUSES E HEROES.

ZARA: CAL É A FÓRMULA SECRETA?

SOCAS INFORMA

OS 50 NOMES DA CHUVIA EN GALEGO.

RUGBY: DEPORTE E ESTILO DE VIDA.

PLANETA LINGUA. REVISTA PROMOVIDA POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES SOFIA CASANOVA

nº 15

2012-13

PLANETA LINGUA Nº 15 **PAX.**

A CRISE E AS SÚAS REPERCUSIÓNS…… 3

-COMO VIVEN OS ESTUDANTES A CRISE……4

-COMO VIVEN OS MÁIS NOVOS A CRISE…… 6

-HÁBITOS DE ESTUDO……9

Por Daniela Freire, Diego Pereda, Bruno Yáñez e Laura Pena.

VIAXE Á TERRA DE DEUSES E HEROES… .. 13

Alumnos 2º bac. (2012-13) e Julia Partearroyo.

NENOS AO PODER….....20

Por Mariana Crespo.

APRENDER DESDE O NOSO MUSEO. …….. 25

Alumnos 1 ESO (curso2012-13) e ÁnxelaLoureiro.

PLANETA ZARA……...27

Alumnos 2º bac. (curso 2012-12) e Iñaki Tomás.

ESTA MALDITA CHUVIA….....31

Antía López.

DEPORTES: RUGBY……35

Por Daniel Díaz.

SOCAS INFORMA……37

Por Piar Berrio.

LETRAS GALEGAS…… .38

Por Antía López.

VAMPIROS: SAGA CREPÚSCULO…… 41

Por Antía Casal e Míriam Hidalgo.

A CRISE E AS SUAS REPERCUSIÓNS NOS ESTUDANTES.

Temos a obriga e o dereito de estudar, preparámonos toda a nosa infancia para afrontar o futuro.Nos tempos dos nosos avós, moitos deles non puideron estudar porque tiveron que empezar a traballar desde moi novos para poder comer. Hoxe, afortunadamente, non é así. Hoxe todos asistimos á escola e non temos que traballar para sobrevivir, polo menos ata hai pouco. Os tempos mudaron, a educación avanzou, todos temos o dereito a que nos ensinen, o dereito a que algún día aquilo que nos ensinaron nos sirva para atopar un traballo. Pero xa non temos a garantía de que será así.

AGORA en boca de todo o mundo oímos sempre a mesma palabra, que xa adquiriu nome propio e produce malestar: A CRISE.

A situación dos países vai de mal en peor, falta diñeiro, traballo…E dos que dirixen o país só escoitamos mentiras que, en vez de tranquilizarnos, revólvennos as entrañas.

Vivimos con medo, se recorte por aquí, se recorte por alá… e todo para o pobo, que pouco a pouco xa nin pode pagar a casa, mentres os políticos se enriquecen cada día un pouco máis, roubando das arcas públicas que son nosas, comprando para eles casas en todas partes.

Pero doe aínda máis que recorten en educación, que dun modo indirecto interfiran na nosa formación, na formación dos rapaces aos que aínda lles queda moito por vivir, que nos neguen poder ter un traballo honrado no futuro. Si, doe e moito, pero temos que pedir xustiza, non parar de arremeter contra eles ata que devolvan o roubado, ata que devolvan á xente o que nos pertence.

Aos rapaces, no fondo, isto en vez de desanimarnos vólvenos máis fortes. Nunha enquisa realizada no noso instituto aos rapaces que este ano rematan bacharelato, obtivemos resultados bastante interesantes e gratificantes.Cando lles preguntamos se o clima de crise lles afectaba á hora de enfocar o seu próximo futuro , a maioría contestounos que pouco, pero que non ía ser cousa fácil saír adiante. A maioría non mudou a súa elección profesional, decididos a seguir adiante cos seus plans por moito que custe.

Os nosos rapaces á hora de considerar os factores que determinarán o seu futuro profesional, contestáronnos que a profesión lles ten que gustar e que ten que ter saída laboral, teñen claro que o sitio onde estuden non ten que agradarlles e que os amigos e os irmáns non inflúen na súa elección profesional.

Pero hai un dato no que a maioría está a coincidir á vez que resulta desalentador.Os futuros adultos da nosa sociedade non se ven traballando en España, en Galicia ou en Ferrol, teñen claro que o mellor é marchar ao estranxeiro.

Isto é o que esta a conseguir o Estado, que moita mocidade non vexa futuro en España e que teñen claro que o mellor é marchar do país. Por iso gustaríame preguntarvos se vós tamén marchariades, aínda que probablemente si o fariades. É unha triste realidade , pero temos que afrontala.

DANIELA FREIRE

ENQUISA FEITA EN 2º DE BACHARELATO:

COMO VIVEN OS ESTUDANTES O CLIMA DE CRISE?

ENQUISAS RESPOSTADAS: 55

O CLIMA DE CRISE ESTÁ FACENDO QUE A XENTE NOVA REFORMULE AS SÚAS OPCIÓNS DE FUTURO?

Podemos pensar que a xente nova , a pesar do clima de crise, non se deixa vencer polo desalento, pois un 60% declararon que non mudaron ou apenas mudaron a decisión que tomaran acerca do seu futuro. Isto indica unha determinación moi clara, unha vocación forte. Aínda que tamén poderíamos pensar, desde unha óptica máis pesimista, que son pouco conscientes das enormes dificultades que lles depara o futuro. Pero se non es optimista e decidido aos 17 anos, non o serás nunca. Quizais o ánimo da familia e os amigos está aí apoiando a ilusión.

Pola banda dos máis pesimistas encontramos 2 alumnos (un 4% aproximado) a quen a crise si os fixo reconsiderar moito o que ían facer no



futuro. Aproximadamente un 40% declararon que a crise si lles fixo reconsiderar en maior ou menor medida as súas opcións para o futuro, tendo que sopesar vocacións e saídas laborais.

A CRISE ESTÁ A INFLUÍR O BASTANTE COMO PARA MUDAR AS ELECCIÓNS PROFESIONAIS?

As respostas sinalan que o 80% dos preguntados non mudaron a súa elección profesional nestes dous últimos anos. A crise é un elemento que está aí e que fai que nos paremos a pensar, pero a elección vocacional acaba por ser determinante.Non cabe dúbida de que este dato é bo, esperemos que o mercado laboral ofreza oportunidades de futuro a estas vocacións.

QUE FACTORES SE TEÑEN EN CONTA Á HORA DE ESCOLLER O FUTURO PROFESIONAL?

Escóllese aquel que ofrece máis saídas laborais? Aquel que proporcionará maiores beneficios económicos? Aquel que responde á unha vocación? A opción máis escollida é que o traballo que se vai realizar no futuro debe ser un traballo que guste e resulte gratificante (40 respostas de 55). O clima de crise non é tan determinante como para que a xente nova renuncie a realizar aquel traballo que lle gusta, polo que sente unha vocación.

O segundo factor en orde de importancia á hora de escoller un traballo é que teña saída laboral (32 respostas).Esperemos que esta escolla non arrede o futuro profesional daquilo polo que se sente unha auténtica atracción e nos encontremos ante moitas vocacións frustradas. Pero unha arma contra a crise é facer da necesidade unha vocación.

Hai outros dous factores que apenas son tidos en conta: apenas importa o lugar onde se vai estudar, dá igual unha facultade ou unha cidade ou outra, porque o importante son os estudos de seu. Tampouco parecen influír moito os amigos na elección profesional, non se escolle seguir unha carreira porque aos amigos lles vaia ben, nin por continuar con eles.

ONDE SE VE A XENTE NOVA TRABALLANDO NUN FUTURO?

Só en 7 casos se sinalou Ferrol, o que é un dato que ten que facernos pensar bastante. Parece que a xente nova pensa en marchar, polo que podemos pensar nunha cidade embocada á morte. Por que os máis novos pensan en marchar? Séntense atraídos polo atractivo do estranxeiro ou estamos ante a consciencia dunha sociedade sen perspectivas de futuro? O mundo está a ampliarse e é lóxico que a xuventude queira marchar fóra, coñecer novas sociedades e ter experiencias lonxe do xa vivido. Pero tamén podemos pensar naqueles que, quizais máis satisfeitos co seu contorno cotián, preferirían encontrar traballo entre nós,pensan que

non hai máis remedio que marchar, unha especie de exilio ou emigración e estes casos son, sen dúbida, os máis tristes.

COMO VIVEN, COMO SENTEN OS MÁIS NOVOS A CRISE?

Para saír de dúbidas preguntamos en tres cursos de primeiro da ESO (curso 2012-13) e contamos con 35 enquisas respondidas, nelas os máis novos do centro achégannos as súas impresións sobre a crise que estamos a vivir.Para entender os datos debemos ter en conta que os rapaces contaban con varias respostas que non eran excluíntes, é dicir, podían sinalar varias opcións..

A QUEN OEN FALAR OS RAPACES DA CRISE? AOS PAIS, AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, AOS COMPAÑEIROS DE CLASE, A TODO O MUNDO?

Dependendo das respostas, que non eran excluíntes, podíamos comprobar se os nenos percibían a crise como algo máis ou menos abstracto, do que oían falar nos medios de comunicación ou se a crise formaba parte das conversas no fogar, mesmo das propias conversas dos rapaces cos seus compañeiros de clase.

Os rapaces de 1º da ESO oen falar moito na casa da crise, isto é o que afirman 29 rapaces. Isto indícanos que a crise forma parte do mundo dos maiores, pero tamén expresa que a crise está asociada ao ámbito familiar, é dicir, que afecta á familia e preocupa á familia.

Outro medio polo que rapaces perciben a crise son os medios de comunicación: así o afirman 28 dos alumnos preguntados. O ámbito dos medios é máis distante que o ámbito da familia, o que nos expresa una visión da crise máis abstracta, máis arredada do doméstico. Pero consideradas en conxunto as dúas respostas, estamos ante unha percepción da crise que é dupla: tanto a través dos pais como dos medios de comunicación.

Ende ben, debemos dicir que a crise non chega a formar parte intimamente da vida dos máis novos, posto que en 31 rapaces –dun total de 35 respostas- afirmaron que a crise non forma parte das conversas cotiás cos compañeiros de clase.

Aínda que se manteñan relativamente illados da situación de crise, 12 deles afirman que oen falar da crise a todo o mundo, polo que podemos entender que estes rapaces perciben a crise como algo abafante. En 14 casos oen falar da crise pouco ou só algunhas veces.

CANDO UN MOZO NOVO OE FALAR DA CRISE, QUE IMAXES ASOCIA A ELA?

Por delimitar as respostas, contabamos con 5 opcións, das que podían marcar un máximo de 3, é dicir, non eran opcións excluíntes. Estas eran: hai crise porque non hai traballo, porque non hai cartos, porque o país vai mal, porque os políticos son corruptos, porque a xente perde as súas casas.

A primeira e segunda opción considerámolas máis concretas, máis achegadas á realidade cotiá, mentres que a terceira e cuarta eran máis abstractas (o país vai mal ou os políticos son malos). No momento de pasar as preguntas da enquisa, había un problema moi presente nos medios de comunicación e que para un rapaz novo podía resultar moi preocupante: os casos de desafiuzamento, que podían facer pensar aos rapaces na angustiosa posibilidade de perder a súa casa e ficar na rúa.

Que opcións foron as máis votadas, con que identifican os máis novos a crise?

En 31 casos de 35 sinalouse que hai crise porque non hai traballo, polo que se establece unha relación entre estar ben e ter traballo, é dicir, e estar mal e estar no paro, polo que os rapaces teñen unha percepción positiva do traballo.

En 25 casos sinalouse que hai crise porque a xente non ten cartos.

Tamén se asocia a crise a que os políticos son corruptos. Esta resposta aparece en 21 ocasións e apunta non tanto a unha causa como a un colectivo culpable ou responsable da crise.

Hai outros problemas sociais que se asocian en menor medida á crise: unha delas é a percepción de que o país vai mal, esta é a opción máis abstracta, é sinalada en 14 ocasións. Os casos de desafiuzamento, que son moi dramáticos, posto que o neno implicado tería que imaxinar que perde o seu fogar, son sinalados en 11 ocasións.

OS RAPACES SABEN QUE HAI CRISE PORQUE OEN FALAR DELA E DE PROBLEMAS COMO A FALTA DE TRABALLO, A FALTA DE DIÑEIRO…PERO COMO LLES AFECTA A ELES PERSOALMENTE A CRISE?

No que máis notan os nenos que hai crise é nos prezos. Comentan que subiu moito o prezo das cousas que compren habitualmente: a roupa, as chuhes…todo é mais caro, segundo nos din 29 rapaces de 35.

Outro trazo no que eles senten a crise é en que ven que os país están preocupados. Isto é o que comentan 22 rapaces.

Por culpa da crise os rapaces reduciron os seus gastos, isto nos din 20 rapaces, .Deles 15 din que gastan menos e 4 que saen menos.

POR ÚLTIMO PREGUNTAMOS AOS RAPACES MÁIS NOVOS: COMO SOLUCIONARÍAS TI A CRISE, QUE PENSAS QUE SE DEBERÍA FACER?

Vexamos por onde pasan as solución dos nosos alumnos máis novos:

En primeiro lugar hai un colectivo que parece como culpable da crise: os políticos, para os que os rapaces piden un castigo ou depuración, dito coas súas palabras"que goberne xente mellor".

Outro problema que perciben é o paro e apuntan a necesidade de crear postos de traballo. En segundo lugar, o diñeiro é outro dos temas recorrentes: os rapaces son conscientes de que un dos problemas é que a xente non ten cartos ou ten poucos cartos.As solucións que sinalan os rapaces pasarían nuns casos polo aforro e noutros porque houbera máis diñeiro. Para conseguir máis diñeiro teríamos que gastar menos e consumir menos cousas. Pero tamén sería necesario por parte dos políticos ou do goberno baixar os impostos, que paguen máis os ricos, ou, en todo caso, "fabricar máis diñeiro".

Un terceiro problema é o da vivenda e os rapaces comentan que debería evitarse que a xente perdera a casa onde vive.

A solución á crise deberá pasar tamén pola solidariedade: os rapaces comentan que debe colaborar todo o mundo para saír da crise e de que os ricos deben axudar aos pobres. Tamén se apunta a protesta , se non como solución á crise, si como unha resposta válida: di algún neno que hai que "ir ás manifestacións".En todo caso, como nos indica un rapaz, podemos contar con referentes que nos axuden a facer fronte á crise: "que gobernen os avós, eles si que saben e viviron tempos peores".

ENQUISA ACERCA DOS HÁBITOS DE ESTUDO.

Tratábase de coñecer a maneira de abordar o estudo por parte dos alumnos de 3º da ESO.A enquisa pasouse en todos os grupos deste nivel, pero por diversas circunstancias só foron contestadas un pequeno número delas, aproximadamente a metade, 26. Con todo, podemos comentar cales foron estes resultados e reflexionar un pouco acerca de cales son os atrancos que encontran os estudantes día a día no seu labor.

Están os alumnos suficientemente motivados á hora de estudar? Cales son os auténticos motivos que os moven a poñerse diante dos libros? Que pesa máis, que se senten obrigados polos pais ou que ven no estudo algo importante de cara ao seu futuro?

Os pedagogos falan de dous tipos de motivación: a motivación interna e a externa. No primeiro caso, o individuo tende a facer algo porque lle gusta, porque lle apetece…neste caso non é necesario o reforzo con ningún outro tipo de razoamento. Na motivación externa, o individuo debe buscar razóns nas que apoiarse fóra do obxecto. No noso caso, o alumno estuda porque lle será útil, ou ben para evitar desgustar aos pais?…

Entre os nosos alumnos, a motivación interna é moi feble, algo por outra banda lóxico.Nun único caso, un alumno declarou estudar porque lle gustaba.

O motivo que máis move aos alumnos a estudar, nun 72% dos casos, é que o estudo lles vai servir para o que queren ser de maiores. Por esta resposta vemos que o aspecto vocacional é moi importante á hora de estudar, pois sen el , os alumnos carecerían de motivación. Non sabemos se contan xa cunha vocación moi definida, que sería tremendamente impulsora do estudo, ou se, pola contra, teñen unha vaga idea do que queren ser de maiores. Canto máis concreta sexa a vocación, canto máis se visualice o alumno nun futuro, realizando con éxito iso que quere ser, maior forza motivadora ten a vocación.

O número de alumnos que recoñecen que estudan obrigados é baixo, o 8%, mentres que un 20% alega que se estuda é porque hai que facelo, sen ningunha outra razón que apoie o seu esforzo. En conclusión, en mans de todos está que os alumnos saiban enfocar os estudos cara a unha profesión que lles resulte atractiva e estimulante, para facer menos duro o seu traballo.

De que tipo son as dificultades que encontran os nosos estudantes á hora de poñerse a estudar?

Pode atopar problemas relacionados coa comprensión, tanto do que le, como do que lle explican en clase. Pode tratarse de problemas máis relativos a procedementos que á capacidade intelectual, neste caso terá problemas de organización, concentración…

A enquisa presentou unha listaxe de 9 dificultades de distinto tipo(intelectual, organizativo…) das que se podían sinalar aquelas que expresaban problemas cos que se encontraban habitualmente.

En xeral, os alumnos presentan poucos problemas de comprensión, tanto do libro de texto como das explicacións dos profesores: o 8% di non entender o libro e un 12% din non entender as explicacións do profesor. Pero aínda sendo unha porcentaxe baixa, sinala un problema moi importante para eses alumnos.

Respecto a que aspectos do estudo presentaban para eles maior dificultade, un 32% expresaba que lle custaban as matemáticas e un 12% recoñecía que lle custaba expresar por escrito o que quería dicir.

Que aspectos do estudo presentan para a alumnos unha maior dificultade?

O maior problema para o 52% é poñerse a estudar, a pesar de que pensan que é importante para o seu futuro e a pesar de non supor unha enorme dificultade intelectual, costa moito deixar todos os entretementos e diversións e ter a vontade de poñerse a estudar. Crear un hábito de estudo, no que este forme parte da rutina diaria, sempre á mesma hora, sempre no mesmo lugar, pode axudar a superar esta preguiza .

Outra dificultade está relacionada coa falta de concentración, así o sinala o 36% das respostas dadas. Tamén un 36% recoñece que debería esforzarse máis nos estudos.

Os alumnos parecen non ter demasiados problemas de organización, entendemos que se organizan razoablemente ben á hora de repartir o tempo entre os estudos e o lecer, saber o que teñen que estudar e o tempo que lles vai levar…Con todo, un 20% di ter dificultades de organización. Por outra banda, ninguén se amosou tan desesperado que optase pola resposta que apuntaba que " non me interesa para nada o estudo".

Canto estudas diariamente?

Respecto a como estudaban diariamente, o 40% estudan sempre á mesma hora e no mesmo lugar, un 25% contan cunha axenda na que apuntan o que teñen que facer.

Contamos con poucas respostas acerca de canto tempo dedican os alumnos diariamente a estudar na casa, pero a resposta maioritaria é dunha hora diaria, seguido de 3 horas e de 2.

A hora de xulgar o tempo dedicado na casa á estudo, o 65% cría que non era demasiado tempo, e a un 32% parecíalle moito. O tempo dedicado aos deberes –volvo comentar que contamos con poucas respostas nas que se comente o tempo diario dedicado na casa ao estudo- resúltalles suficiente para deixar feitos todos os deberes, só o 25% contestou que non lle chegaba co tempo dedicado. Estes datos anteriores, permítennos pensar nunha organización e rendemento relativamente bos respecto ao traballo escolar realizado na casa.

Hai un ambiente adecuado na clase para poder atender?

Preguntábase de seguido aos alumnos se en clase encontraban un ambiente adecuado para seguir as explicacións, con dúas opcións a elixir: si ou non. O 32% dicía encontrar un ambiente adecuado, fronte a un 64% , que dicía non encontrar o ambiente adecuado.

Como preparas os exames?

Cando vai a haber exame, deixo todo o estudo para o día anterior, sei exactamente o que entra no exame…? Isto foi o que responderon respecto aos exames.O 32% estuda todo o día anterior ao exame, fronte a un 64% que o vai preparando nos días anteriores. O 80% sabe que entra no exame e o 12% non o sabe, o que sendo unha cifra baixa é tamén expresiva do despiste co que algúns alumnos abordan o exame. Son moi semellantes as cifras relativas a que a maioría dos alumnos di saber como vai ser o exame e aclaran dúbidas antes de realizar este. A maioría tamén entenden os erros que cometeron no exame.

Como participan os pais nos teus estudos?

Unha última pregunta desta enquisa era a relativa ao papel dos pais nos seus estudos.

Todos os alumnos preguntados contestaron que, segundo eles, os seus país estaban moi interesados polos estudos dos seus fillos.A inmensa maioría comentan que os seus pais saben como lles van indo os estudos, só o 8% din non comentar na casa as cousas relativas aos estudos, o que é unha cifra baixa pero significativa. A maioría dos alumnos comenta que os seus pais están en contacto con titores ou profesores para comentar a marcha dos estudos. O 12% din que os seus país non se informan a través de titores ou profesores. É unha cifra baixa pero tamén excesiva, pois se trata dun aspecto moi importante para coordinar accións entre o instituto e a casa.

Recolleron os datos destas enquisas Bruno Yáñez, Diego Pereda, Daniela Freire e Laura Pena.

Viaxe á terra dos deuses e os heroes.

No pasado mes de febreiro un grupo de alumnas do IES Sofía Casanova tivo o privilexio de percorrer o sur de Grecia xunto con estudantes doutros institutos galegos.

A primeira estadía da nosa viaxe foi na cidade da deusa Atenea. Atenea tivo que disputar co deus do mar, Posidón, o dominio sobre esta cidade, polo que cada un deles recorreu aos seus poderes para gañar o litixio. No máis alto da cidade, no recinto sagrado da acrópole, Atenea fixo nacer unha oliveira, mentres que Posidón realizou o prodixio de que, cun golpe do seu tridente, brotase un manancial das pedras do chan... Pero a auga da fonte resultou ser salgada, polo que Atenea gañou a contenda e a cidade recibiu o seu nome: Atenas. Dende aquela as oliveira medran por todas as chairas desta terra e o seu froito é un dos alimentos máis apreciados polos seus habitantes.

ATENAS



MICENAS

Tras deixar Atenas, visitamos durante un par de días as terras das primeiras grandes fazañas de Heracles, chamado Hércules polos romanos. Heracles conseguiu matar o león de Nemea, arquetipo de todos os leóns que naqueles tempos antigos asolaban a Argólida, e á hidra de Lerna, que tamén habitaba esta rexión. A tarefa de cazar o león non foi sinxela, pois todas as armas que o heroe utilizaba contra a besta rebotaban na súa pel impenetrable sen conseguir ferilo, polo que Heracles acabou estrangulándoo. Unha vez morto, rachou a pel do león coas súas propias garras e utilizouna como manto para protexer o seu corpo. A dificultade de dar morte á hidra de Lerna estribaba no feito de que tiña moitas cabezas e, cada vez que Heracles lle cortaba unha, nacían dúas novas no seu lugar. Heracles contou coa axuda do seu sobriño, que queimaba o pescozo de cada cabeza cortada para impedir que outras novas xurdisen.

Albiscando dende Micenas os campos de laranxeiras cheos de froitos, o monte Artemisio nevado dominando a paisaxe e as tranquilas augas do mar Exeo ao fondo da chaira, custa crer que noutros

tempos esta fose unha terra perigosa chea de leóns e outros animais salvaxes. Micenas, a cidadela onde Heracles tiña que acudir con cada monstro que daba caza para ensinarllo ao Euristeo, rei da cidade. E Euristeo, medorento el, agardaba agochado nunha gran vasilla e, levantando un pouco a tapa, comprobaba que Heracles executara a fazaña e encargáballe outra nova. Micenas, a cidade do glorioso Atrida Agamenón que liderou os gregos na guerra contra Troia. Micenas e Tirinto, fortalezas construídas con pedras tan enormes que xa na antigüidade crían que só xigantes extraordinarios como os ciclopes podían ser os seus construtores.

MONTE ARTEMISO

OLIMPIA

A seguinte etapa da viaxe, despois de atravesar a Arcadia feliz dos poetas, foi Olimpia, a cidade onde se celebraron os xogos olímpicos da era antiga durante algo máis de dez séculos. Os xogos estaban consagrados a Zeus, pai de homes e deuses, cuxo templo preside todo o recinto olímpico. Atletas de todas as cidades gregas acudían a Olimpia a competir nas diferentes probas para conseguir o honor e a gloria de ser os mellores e ser recibidos como heroes de volta nas súas cidades. A celebración dos certames atléticos atraía a miles de visitantes e Olimpia convertíase por uns días en foco de atención de todo aquel que buscase ser coñecido: políticos, poetas, filósofos, escultores, artesáns e labradores vendendo os seus produtos formaban unha vila paralela á dos propios atletas. E nós puidemos sentir a emoción daqueles días do pasado ao correr, como os grandes campións de antano, polo estadio de Olimpia.

RIO ANTIRIO

MONTE PARNASO

E cruzando o golfo de Corinto pola espectacular ponte de Río Antirio chegamos ás ladeiras do monte Parnaso, sede do oráculo de Delfos e última etapa da nosa viaxe antes de volver a Atenas. Este lugar máxico, onde as paredes verticais do Parnaso dan paso a covas e fontes, foi o sitio elixido polo deus Apolo para transmitir as súas profecías. Primeiro limpou o lugar das moitas serpes que o infestaban e, especialmente, da monstruosa serpe Pitón. Despois converteuse en delfín para atraer un barco cretense cuxos tripulantes debían ser os sacerdotes do oráculo. Aínda hoxe o ascenso ao templo, que zigzaguea entre os moitos edificios conmemorativos e ofrendas das cidades gregas, transpórtanos a aquela atmosfera sagrada e misteriosa dos que se achegaban ao santuario para preguntar polo seu futuro, imaxinando oír as melodías que o deus Apolo e as musas interpretaban nos cumios do Parnaso que dominan o recinto do oráculo.

CANLE DE CORINTO

E nós, coma eles, coma os peregrinos que ían a Delfos, volvemos ao noso país co ruxe-ruxe dos deuses e os heroes na nosa cabeza. Coas imaxes nítidas da súa terra clara e límpida impresas nas nosas retinas. E coa pegada do oráculo de Apolo no noso corazón.

Julia Partarroyo e alumnos de 2º bac.E.

QUE QUEDA DO MUNDO CLÁSICO NOS NOSOS DÍAS?

Queda unha manchea de cousas e de moitas delas non somos conscientes, así que dedicaremos algunhas liñas a recordalas. Talvez o que máis asociemos á Grecia clásica é unha forma de goberno: a democracia, o goberno do pobo. Posiblemente poidamos tamén lembrar algunhas palabras de orixe grega: hidro: auga, geos: terra, Eolo: vento, antropos: home… Pero todos oímos tamén falar algunha vez da mitoloxía, esa parte da cultura dos pobos que trata de deuses e heroes e as súas complicadas historias. Imos comentar deseguido algunhas desas pegadas, xa que son moitas as que empregamos na nosa vida cotiá, e veremos tamén como a mitoloxía deu lugar a nomes e expresións moi comúns que hoxe seguimos empregando.

Os signos do zodíaco están todos eles inspirados na mitoloxía grega, pero non só iso, os nomes das constelacións son representacións de personaxes mitolóxicas. O acto de converter unha personaxe , animal ou instrumento en constelación, é dicir, lévalo ao firmamento, recibe o nome de

CATASTERIZACIÓN e era un privilexio que concedían os deuses. Osa maior, osa menor, Casiopea, Andrómeda, Pegaso, Perseo, Orión son algún nomes de constelacións que toman o seu nome de seres da mitoloxía grega.

Os nomes dos **planetas** son nomes latinos de divindades pagás que teñen o seu correspondente no mundo grego. O mundo clásico tamén proporcionou denominacións para os satélites destes planetas. Os nomes dos día da semana representan divindades latinas, así mesmo tomadas do mundo mitolóxico grego. Hai numerosas lendas da mitoloxía grega aplicables a **árbores e minerais,** por exemplo no caso do ámbar, os corais, o loureiro, o ciprés, o narciso, a vide , o trigo …

DAFNE é o nome grego do loureiro, era o nome dunha ninfa amada polo deus Apolo. Mais ela non se sentía atraída polo deus.Un día que Apolo a perseguía, xa a piques de ser alcanzada por el, Dafne pediu ao seu pai que a protexera e converteuna en loureiro, que é desde entón a árbore preferida dos deuses.

O ámbar dise que se produce ao petrificarse as lágrimas das Heliades, fillas de Helios- o sol, que choran a morte do seu irmán Faetón.

Case todos os animais teñen relación con algunha lenda da mitoloxía. Achegamos as lendas que fan referencia á araña e ao galo.

Aracne era unha rapaza tecedora, as ninfas loaban os tapices que tecía. Era discípula de Atenea e un día aceptou o reto de Atenea para ver quen facía o mellor tapiz. Atenea, enfadada polo tema escollido por Aracne, rompeulle o tapiz e propinoulle un golpe coa lanzadeira. Aracne desesperada decide aforcarse.No último momento, a deusa non deixa que morra e transfórmaa en araña que seguirá fiando para sempre.

O galo foi contratado por Ares por vixía para avísalo da chegada do sol cando el estaba con Afrodita. Unha mañá o vixiante durmiu e non o avisou. Ares converteuno en galo para que desde aquela cantara á Aurora anunciando a chegada do sol.

Diversas personaxes mitolóxicas inspiraron o nome de lugares xeográficos: a cordilleira do Atlas, o océano Atlántico, Asia, Europa…todos eles son nomes tomados dalgunha personaxe mitolóxica.

Achegas noutros campos como na medicina son termos como estafilococo (bacteria que se agrupa formando acios, toma o nome de Estafilo, fillo de Dioniso , deus do viño). Hermafrodito, namorado dunha ninfa, apertouse fortemente a ela e pediu aos deuses que non os separasen. Os deuses uníronnos nun novo ser de natureza masculina e feminina: o hermafrodita. Hipnose toma o seu nome de Hipnos, personificación do sono. No eido da psiquiatría os seres mitolóxicos deron nome a complexos e enfermidades. Son moi coñecidos os complexos de Edipo, de Electra, pero tamén existe o complexo de Casandra, que sofren aquelas persoas que non son cridas nas súas predicións e avisos, o mal de Saturno, que designa a enfermidade que leva aos país a matar aos seus fillos para evitarlles a infelicidade que lles pode carrexar a vida…

No eido dos instrumentos musicais, a mitoloxía cóntanos que a lira que foi inventada por Hermes cando era neno ao colocar os nervios dunha ovella moi tirantes na cuncha baldeira dunha tartaruga.

No eido na química encontramos que algún dos nomes dos 103 elementos da táboa periódica están relacionados coa mitoloxía latina ou grega: Helio, titanio, cloro selenio mercurio, plutonio, iridio…

MULHERES DE ATENAS

Como era a vida cotiá das mulleres de Atenas? Como vivían mentres os heroes combatían lonxe do fogar? Que queda nos nosos días desas mulleres de Atenas?

En YOUYUBE podedes escoitar este poema musicado por Ney Matogrosso ou Chico Buarque.

Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas.
Vivem pros seus maridos
Orgulho e raça de Atenas.
Quando amadas se perfumam
Se banham com leite, se arrumam
Suas melenas.
Quando fustigadas não choram
Se ajoelham, pedem imploram
Mais duras penas, cadenas.
Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas.
Guardam-se pros seus maridos
Poder e força de Atenas.
Quando eles embarcam soldados
Elas tecem longos bordados
Mil quarentenas.
E quando eles voltam, sedentos
Querem arrancar, violentos
Carícias plenas, obcenas.
Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas.
Despem-se pros maridos
Bravos guerreiros de Atenas.
Quando eles se entopem de vinho
Costumam buscar um carinho
De outras falenas
Mas no fim da noite, aos pedaços
Quase sempre voltam pros braços
De suas pequenas, Helenas.
Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas.
Geram pros seus maridos
Os novos filhos de Atenas.
Elas não tem gosto ou vontade
Nem defeito, nem qualidade
Têm medo apenas.
Não tem sonhos, só tem presságios
O seu homem, mares, naufrágios
Lindas sirenas, morenas.
Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas
Temem por seus maridos
Heróis e amantes de Atenas.
As jovens viúvas marcadas
E as gestantes abandonadas, não fazem cenas
Vestem-se de negro, se encolhem
Se conformam e se recolhem
As suas novenas
Serenas.
Mirem-se no exemplo
Daquelas mulheres de Atenas.
Secam por seus maridos
Orgulho e raça de Atenas.

PROXECTO INTERDISCIPLINAR DE 1ºD (ano 2012-13):

APRENDER DENDE O NOSO MUSEO

Escrito por Elena Ramil Mejuto e Abril Yáñez Darriba

No I.E.S Sofía Casanova hai un pequeno museo situado no baixo, diante da porta do patio de recreo.

O alumnado de 1º E.S.O. D fixemos un traballo para recompoñer e dar a coñecer os seus obxectos e utilidades.

Para empezar fomos ao museo, observamos as vitrinas e contestamos algunhas preguntas sobre os obxectos que había alí gardados. Máis adiante fixemos grupos e buscamos información sobre lámpadas, hórreos, pranchas, cerámica, cestas, zocas, etc. Despois de ter esta información, expuxémola na clase por equipos para aprender a facer una exposición e así dar a coñecer o que cada grupo obtivera da súa busca.

Cando xa tiñamos máis coñecementos sobre a utilidade dos distintos obxectos que había no noso instituto, afondamos un pouco máis facéndolles enquisas a persoas maiores (algunhas anciás). Fixémoslles una serie de preguntas e coas súas respostas nos axudaron a saber máis sobre a maioría dos obxectos.

Fixéronse fotos de cada peza do museo e colgáronse na aula virtual. Dende alí podíamos baixalas aos nosos ordenadores e aprendemos a

ordenalos e clasificalos en distintos grupos: cestería, cerámica, liño, gando, obxectos de follalata, pranchas, útiles de cociña, etc.

Visitamos, ademais, distintos museos: o Museo Naval de Ferrol, o Museo do Castro de Viladonga e o Museo Provincial de Lugo. Deste xeito puidemos observar como estaban organizados e poder comparalo co noso museo.

(Visitando o Museo Naval)

Para finalizar, fixemos as presentacións dos nosos traballos individuais. Cada alumno e alumna mostramos as diferentes pezas do museo, engadindo un texto onde explicabamos as súas utilidades e animabamos a xente a visitar o noso museo e a traer algún obxecto seu.

A nosa intención era expoñer algunha presentación a todo o instituto xa que o museo pasa moi desapercibido, pero por falta de tempo non puidemos realizar tal acción.

NENOS AO PODER!

ALANA THOMPSON é o nome dunha superestrela da Televisión americana. Todos a coñecen co nome de HONEY BOO BOO e seguen o seu reality , especie de Gran Irmán que radiografía diariamente a vida desta estrela e a súa familia. O seu programa está a bater todos os récords de audiencia na televisión americana. Pero a emisión non está libre de polémica: ALANA TEN SÓ SETE ANOS.

En Europa aínda estamos libres das esaxeracións da Sociedade americana, pero tal vez debemos pensar: Que está a pasar cos nenos? Están a facerse adultos cada vez máis rápido ou nunca foron tan inmaduros como agora?

Mariana Crespo achéganos a súas reflexións, logo de documentarse sobre os nenos que chegan a adultos cada vez con menos anos.

A sexualización da xuventude é na actualidade unha grande preocupación. As nenas visten e actúan como maiores. Pasan de xogar con bonecas a xogar a ser bonecas nun abrir e pechar os ollos. Non son só nenas preocupadas por como se ven e como se visten, moitas están preocupadas pola imaxe do seu corpo, o que as fai estar pendentes da dieta e de observar o seu peso dun xeito que resulta inadecuado para os seus poucos anos.

Os nenos están entrando na puberdade cada vez a unha idade máis temperá. Un sorprendente 16% das nenas do Reino Unido comezan a puberdade aos 8 anos.Tamén parecen estar crecendo máis rápido que nunca nun sentido social e de comportamento. A preocupación é que aos 12 anos as nenas parecen estar xa listas para todo, cando en realidade, seguen sendo nenas.

As nenas , desde sempre , gustaron de poñer a roupa da nai, pero devolvían esa roupa aos armarios logo de xogar un pouco aos disfraces. Agora as nenas utilizan roupa de adultos todo o tempo.

A sexualización da infancia é unha proba máis de que as liñas entre idade adulta e a nenez están a volverse cada vez máis borrosas. Moitos nenos

actualmente visten como adultos e teñen accesorios como teléfonos móbiles e mP3.

Os nenos parecen estar adoptando preocupacións dos adultos. Investigacións recentes amosan que o medo ao cancro, ao terrorismo ou a ser vítima da delincuencia son agora as principais preocupacións para moitos nenos de dez anos.

A sexualización da infancia produciuse por unha serie de razóns. Os programas de televisión e vídeos musicais son dúas áreas nas que as imaxes sexuais son de libre acceso para os nenos.

Os nenos acosan os pais para mercar a roupa e os accesorios que eles queren. Os vendedores xa teñen identificados varios grupos de pais: pais indulxentes, pais amigos, pais culpables…Os nenos

aben que se exercen suficiente presión sobre os pais, estes ceden. Unimos ao anterior que moitos pais non están seguros na relación pai-fillo, os pais son presa fácil a pouco que se exerza sobre eles unha mínima persuasión.

OS KGOY: KIDS GETTING OLDER YOUNGER.

CO TERMO KGOY QUERE DESIGNARSE ESA SITUACIÓN TAN ACTUAL POLA QUE SE OBSERVA QUE NENOS CADA VEZ MÁIS NOVOS ADOPTAN ACTITUDES E MODAS DOS MAIORES, É DICIR, SON MÁIS VELLOS CADA VEZ MÁIS NOVOS. A QUE SE DEBE ESTE FENÓMENO?

Podemos fixarnos nos datos que se nos achegan de estudos de diversas universidades norteamericanas. Fíxanse en concreto nos hábitos dos nenos ante a televisión, no coñecemento das marcas comerciais e na influencia dos nenos nas compras do fogar. Observan que os xogos que antes eran para nenos de cinco anos, son agora xogos para os tres anos. Os nenos comezan a pedir determinadas marcas con só tres anos, saben xa cales son as súas preferencias. Os ordenadores e vídeo-xogos son pedidos cada vez a idades máis temperás. En canto ao uso da tele, cada vez é maior a oferta ao público infantil e cada vez maior a segmentación e a especialización. O emprego do ordenador está moi estendido e a idade de comezo é habitualmente aos dous anos.

Os nenos de 2 ou tres anos xa coñecen as marcas e esixen aos pais aquelas marcan das que gustan máis.Relacionan moito unha marca con determinada personaxe que aparece asociada a ela. A influencia dos nenos esténdese tamén ás compras do fogar, e esta influencia é particularmente importante sobre a nai Inflúen nela nas compras cotiás:

alimentos, libros, vídeos, películas, aínda que a súa influencia é menor cando se trata das chamadas grandes compras: as vacacións. o coche, a casa…

CALES PODEN SER AS CAUSAS DO FENÓMENO KGOY?

Os comerciantes saben que os nenos son agora un público informado, convincente e cada vez con maior influencia sobre os pais. Iso fai que o público infantil sexa cada vez máis coidado e estudado polos comerciantes e os publicistas dos seus produtos. Saben que os máis novos están desexando medrar e ese desexo exprésano no consumo de produtos ideados para rapaces maiores. Antes os pais frearían este gusto, pero agora a influencia do neno sobre o pai é cada vez maior. As marcas comerciais multiplican as tendas, os magazins, a publicidade televisiva…todo isto dirixido a un consumidor cada vez máis novo, sen descoidar a outro segmento de grandes consumidores, os preadolescentes entre 12 e 8 anos. A industria publicitaria estuda constantemente ata que punto estes mozos son manipulables, influenciables, porque saben que o seu rexeitamento dun produto pode ser terrible. En resumo, a industria trata os nenos como adultos porque ao ser maiores antes, farán a vida dos maiores, é dicir, consumirán.

En canto aos medios de comunicación, estes tamén contribúen a reforzar este fenómenos de nenos que cada vez son adultos antes. Os nenos son consumidores de programas de televisión nos que a imaxe que se ofrece do mundo infantil está moi lonxe dos estereotipos de Walt Disney. Porén aparecen rapaces emprendedores

ousados, cando non violentos. Pero igual de importante que a programación infantil é a publicidade que se lles ofrece e que os converte en consumidores, co que isto carrexa de formación de criterios, capacidade de elección , de comparación…pero son capaces os nenos de discernir entre tanta información? Pensamos que non, pois os adultos somos os primeiros enganados e manipulados pola publicidade. Por último , o acceso á informática tamén contribúe a que os nenos crezan antes, pois dálles acceso á aprendizaxe, á comunicación audiovisual e , en xeral, a abrir as súas perspectivas ante o mundo do coñecemento.

Actitude dos pais ante os fillos tamén se amosa coma un elemento fundamental neste fenómeno dos chamados KGOYS. Estudos xa citados ofrécennos interesantes opinións dos pais que nos axudan a entender o devir da infancia.Son opinións expresadas en USA pero talvez moi asumibles polos pais desta banda do mar.

Algúns país pensan que os nenos crecen antes, pero iso depende: son máis maduros á hora de coñecer a tecnoloxía, a violencia, o sexo, pero son menos maduros en responsabilidade.Saben máis cousas pero son menos responsables, tardan máis en adquirir responsabilidade ante a vida.

Algunhas nais valoran que os nenos participen en todos os aspectos da vida familiar porque pensan que así expresan a súa personalidade.Outras nais din que escoitan as opinión dos fillos, pero que son elas as que teñen a ultima palabra

Outras nais admiten que tentan facer sempre o que lles piden os fillos porque "o mais importante é que o neno estea feliz". Admiten que fan todo o que está na súa man por compracelos. Os pais adquiren un papel secundario na familia: "normalmente cubro primeiro as súas necesidades- as do neno- e logo as miñas" expresa un pai americano. Algún outro pai admite que "Compro cousas que realmente non quero porque el quere".Os pais americanos admiten que os nenos crecen antes porque é necesario informalos e que coñezan canto antes todos os problemas que poden encontrar na rúa: os abusos, o acoso, a droga… esta información pode protexelos, aínda que os faga saír demasiado pronto do mundo feliz da infancia.

Logo de todo o visto, queda claro que os nenos son cada vez menos nenos e isto lévanos a pensar: que función ten a infancia na formación do neno, para que serve a infancia? Non cabe dúbida de que é unha etapa de formación e a aceleración de etapas que sofre o neno hoxe en día pode ter como resultado chegar á adolescencia cunha enorme inmaturidade. Todo chega demasiado pronto: o consumo, beber antes, saír antes, ter relacións antes…pero están verdadeiramente preparados?

Varios estudos de Petra Pérez Alonso , catedrática da Teoría da Educación da Universidade de Valencia, e María Costa, directora de Pedagoxía da asociación de pescuda da industria do xoguete, relacionan as bonecas coas que xogan as nenas coa función social da muller. As nenas identifícanse coas bonecas e estas están sufrindo cambios constantes desde aquela primeira Mariquita Pérez dos anos 60, con cara de nena boa. Nos anos 70 Nancy representaba a nova muller que traballaba fóra da casa e levaba unha activa vida social: esquiaba, estudaba, pintaba, ía ao club de tenis…De América chegou nos 80 Barbie, que marcou un modelo estético para as nenas de varias décadas, aínda que agora fique demostrado que as súas proporcións son totalmente imposibles: se levásemos as proporcións de Barbie á realidade, teríamos unha rapaza de 1.82 de altura pero que pesaría 49 quilos, algo moi pouco saudable. Barbie non podería camiñar, pois os seus pés e nocellos son propios dun neno.As súas pernas son 50% máis longas ca os brazos, en lugar dun 20% na proporción normal.O seu van é excesivamente estreito e a cabeza demasiado grande. O pescozo é dúas veces máis longo e estreito que na realidade, polo que, de existir, Barbie non podería manter a cabeza sobre os ombreiros.

Pero Barbie foi desterrada e se antes interesaba a nenas entre 11 e 12 anos, agora é preferida polas máis pequenas, entre 6 e 7 anos. O seu lugar foi ocupado polas Bratz, transgresoras, vestidas de forma delirante, provocadoras, malotas…representan un novo modelo de ser e estar da muller. En relación coa saga Crepúsculo, apareceron unas novas bonecas que engadían un lado escuro: as Monsters High son vampíricas e zombis. Pero a pesar de todas estas mudanzas, desde Barbie encontramos unha constante no mundo das bonecas: xa non son nenas inocentes senón mulleres tremendamente sexys. Loxicamente estas bonecas apoian unha tendencia á sexualización cada vez máis temperá das nenas e que podemos observar tamén á hora de vestir

PLANETA ZARA

Os alumnos de 2º de bacharelato da materia de Economía realizaron unha visita aos talleres de Inditex en Arteixo.Esta visita levounos a pescudar nas entrañas desta empresa modelo e a tentar descubrir a súa fórmula secreta.

O punto de partida do que despois sería Zara está nun pequeno taller familiar na rúa Juán Flórez da Coruña, alá polo ano 1975, a idea inicial era que había que ofrecer ao cliente o que este pedía. Hoxe estamos ante o home máis rico de España e unha das maiores fortunas do mundo.

A FÓRMULA SECRETA

Estar pendente do que a xente leva na rúa, do que a xente quere mercar. A filosofía de Zara non é crear produtos e logo buscar que estes sexan aceptados polo público, senón xusto ao revés. O primeiro que se estuda e se ten en conta son as demandas do cliente e despois créase o que o este pide. É fundamental comprobar que se leva na rúa ou que vai buscando o cliente ás tendas Zara: iso é o que hai que producir. Zara conta con empregados encargados de buscar tendencias e para iso acoden ás grandes cidades como Nova Iorque, Londres e sobre todo Toquio. As prendas de mercadiño tamén son unha fonte de inspiración para logo imitar . Non é o deseñador quen crea tendencia senón a rúa, isto foi algo moi novo, moi revolucionario. Como xa dixemos, é fundamental observar o que a xente leva na rúa e crear unha roupa que todo o mundo pode levar.

Outro aspecto é **a atención ao cliente**, este aspecto está moi coidado; cóidanse moito as formas; a maneira de saudar ao cliente, de dirixirse a el con educación, mirar ao cliente e sorrir, á hora de pagar, dar o cambio na man e meter a roupa na bolsa, ben pregada. Pero outros aspectos como a luz, a decoración, o ambiente e ata o olor son aspectos que están moi coidados. Os empregados de Zara teñen claro que eles tamén venden imaxe: deben ser educados, amosar unha imaxe esmerada pero ao tempo sinxela. A formación da dependencia destas tendas é coidada con cursos de formación permanentes.

Outra axuda ao cliente está na coordinación: a roupa está colocada con coidado para facilitar a compra aos clientes: as prendas aparecen xa coordinadas para ter unha idea rápida de cómo levalas. Así como tamén se busca unha relación agradable co cliente, o encargado busca que haxa esa mesma relación entre eles, evitando tensións, rivalidades.

A produción e a venda deben ser moi altos, pois senón é imposible manter uns prezos axustados. Pero os prezos de Zara son iguais en todo o mundo, polo que o que aquí resulta axustado no prezo, pode ser carísimo noutros países. As patronistas de Zara son auténticas magas á hora de aproveitar a tea para conseguir o maior número de prendas posible no retallo de tecido co que contan.

Inmediatez: hai que darlle ao cliente o que busca e darllo xa: just in time.

a tenda Zara non é o final , é o comezo: as encargadas informan cada semana do que se vende , do que non e do que a xente pide e non hai. Dúas veces por semana recíbese o produto nas tendas Zara.Tamén é clave no funcionamento de Zara a rapidez de distribución do produto. Fanse pedidos desde calquera parte do mundo directamente a Arteixo. Desde que se pide un produto ata que se recibe pasan só 8.72 horas. As tendas reciben mercancía dúas veces por semana. A información entre as tendas e a central é fundamental no funcionamento de Zara; hai que reaccionar con rapidez: se hai demanda, hai que fabricar o produto o máis rápido posible, pero se non se vende, hai que parar a produción. Por exemplo, en Ferrol funcionaba INDIPUNT, que traballaba 24 horas ao día durante todo o ano. Conseguir reducir a produción dunha prenda en 8 minutos abarata moito a produción.

A produción está moi centralizada en Arteixo, a maior parte da confección realízase en talleres en Galicia, España , Portugal e Marrocos. Nalgúns casos, por exemplo, os bordados étnicos, trabállase para Zara desde Thailandia ou Perú. A centralización é outra das características de Zara o que permite que as prendas se sirvan en moi pouco tempo.

As prendas córtanse e etiquétanse en Arteixo pero a confección realizase fóra, nos talleres : 400 en Galicia e 300 en Portugal, tamén hai en Marrocos. Alguén de Zara visita eses talleres para explicar os detalles importantes da confección. Non se fan coleccións outono-inverno e primavera-verán, senón que a renovación do produto é constante, deste xeito non se acumulan stoks e, por outra banda, o cliente sabe que se hoxe non compra, mañá xa non o terá. A produción, ao estar centralizada en países tan próximos, é moi rápida. Moda efémera a prezos axustados. A relación directa e fluída entre a dirección e os empregados é fundamental: as encargadas de tenda poden falar directamente con Amancio Ortega, teñen moita responsabilidade, pois son as que determinan os pedidos que van facer, pero poden consultar cos asesores de tenda.

En Zara non se acumulan existencias, búscase recibir o produto e vendelo de forma moi rápida e volver recibir un produto xa distinto. Exceptuando os considerados básicos, Zara non repite produtos.

A unidade de estilo en Zara é bastante patente, aínda que con pequenas adaptacións ao lugar, sobre todo nos Países Árabes. En Arabia Saudita, as tendas pechan á hora de rezar, os manequíns das tendas aparecen sen cabeza, noutros casos, os manequíns non teñen brazos, co fin de adaptarse ás prohibicións das leis islámicas.

Estar no lugar adecuado: Zara gasta moi pouco en publicidade, non organiza de maneira especial as rebaixas porque non acumula stocks. Pero si inviste especialmente en situar as tendas en lugares especiais: edificios históricos, os lugares máis céntricos. Se queres atopar unha tenda de Zara, tes que buscala nos lugares máis caros e luxosos da cidade. Antes de abrir unha tenda, a localización mantense moi en segredo e logo a apertura é moi rápida. Amancio Ortega non concede entrevistas nin acode a inauguracións, pero pode verse na Sé central de Arteixo. Os escaparates son especialmente coidados, pois son a base da publicidade de Zara.

ALGUNHAS CIFRAS

40 son os países nos que está presente Zara.

27.000 a súa cifra aproximada de empregados.

2000: ano da saída a Bolsa de Inditex.

80% , porcentaxe da produción de Zara en España.

300 son os deseñadores que traballan para Zara.

30.000 : os modelos que saca Zara cada campaña.

14 son as fábricas ubicadas no complexo de Inditex en Arteixo

24 horas é o que tarda en servirse unha prenda en Europa, desde que se pide ata que a recibe na tenda, e 48 horas se se serve a América ou Asia.

132 campos de fútbol sería a terreo que ocuparían os centros Zara en toda España

11 campos de fútbol é o espazo que ocupan en Arteixo o túneles de distribución da roupa, que se enchen e baleiran de prendas con enorme rapidez.

NÓS OPINAMOS

O Bo De ZARA

A creación de gran número de postos de traballo, aínda que algún deles no estranxeiro para abaratar custos.

O prestixio para Galicia e para España.

A roupa está a moi bo prezo.

Zara fai roupa moderna e adaptada ao gusto dos compradores.

Hai moita variedade de roupa e moi renovada.

A atención que recibes nas tendas está moi ben porque é personalizada sen resultar pesada.

O bo dos produtos de Zara é a gran calidade con relación ao baixo prezo, ademais da variedade e renovación constante das prendas das tendas.

O MALO DE ZARA

Os talles ás veces son algo pequenos.

A calidade dalgúns produtos é baixa , debido,

por outra banda, ao baixo prezo.

Moita xente vestida da mesma forma.

Descoñecemos as condicións de traballo e os salarios

nos países do 3º mundo; a empresa garda silencio.

O malo é que empregan un único patrón para as prendas de todo o mundo, pero unha española non ten a mesma forma corporal que unha chinesa ou unha sudamericana, é un gran erro.

GRAZAS A

Noelia Carreira, Cristina de Castro, Inés Amarelo, Nuria García, Helena López e Adrián López e ao seu profesor Iñaki Tomás.

ESTA MALDITA CHUVIA! OS NOMES DA CHUVIA EN GALEGO.

Logo destes invernos tan chuviosos que estamos pasando, ocórrenseme mil adxectivos para a chuvia , pero tampouco é mala idea detérmonos a ver todos os nomes que a lingua galega ten para designar a chuvia. O número preciso deles é difícil de saber, pois encontraremos formas que son en realidade variantes da mesma palabra, debidas a fenómenos dialectais, vulgarismos, hiperenxebrismos… O número de palabras que designan a chuvia pasa de cincuenta, pero é esaxerado dicir que chegan a cen. Estes termos non son todos eles sinónimos, senón que designan distintas formas de chover. Un primeiro factor que diferenza unha chuvia doutra é a intensidade. Desta forma teremos termos que designan a chuvia que cae con forza e aquela máis feble ou imperceptible. Outro aspecto a ter en conta é a duración da precipitación. Por último, encontraremos nomes para a chuvia acompañada doutros fenómenos atmosféricos.

De acordo co número de termos recollidos, podemos dicir que Galicia é un país de moita chuvia, pero sobre todo de chuvia moi miudiña, o que non quere dicir que non se deixe sentir, ao contrario, pode ser miudiña pero moi intensa.

Aí van algúns deses nomes, non sei se están todos os que son, pero seguro que son todos os que están.

CHUVIA FORTE.

CHUVIA FORTE E QUE DURA POUCO TEMPO:

ARROIADA, BASTO, BÁTEGA E BATEGADA,

CHAPARRADA, CHAPARRAZO, CHUVIEIRA,

CHUVIÑEIRA, DILUVIO, DIOIVO.

CHUVIA FORTE QUE SE PROLONGA VARIOS DÍAS:

BALLÓN, BALLOADA

DECEMBRA: tipo de chuvia intensa que cae de

forma intermitente, típica do mes de decembro.

CHUVIA FINA.

A chuvia máis fina chámase ORBALLO, ORBALLADA

OU ORBALLISCADA.

CHUVIA FINA E POUCO INTENSA

POALLA, POALLO, POALLEIRA, ZARRAPALLADA, ZARZALLO, CHUVIÑADA, CHUVIÑEIRA, CHUVISCA, CHUVISCADA, FROALLO, BABUXA, BABUÑA, BARBAÑA, BARBUZA, BARBUÑA, BARRALLO, BARRUFA, BARRUÑEIRA, BARRUZADA.

FINA E INTENSA:

BASTO: tipo de chuvia repentina, intensa, de curta duración e fina.

BÁTEGA, BATEGADA

FINA INTENSA E PERSISTENTE:

MORRIÑA, MORRIÑADA, PATIÑEIRA, PATUMEIRA, ORBALLADA, ORBALLEIRA,

BORRALLA, BORRALLADA, LAPIÑEIRA, MARMAÑA.

CHUVIA CON SARAIBA: ESCARABANA.

CHUVIA CON NEVE: CALISTRO, CORISCO, CORISCADA, XISTRA, CEBRINA OU CEBRISCA (chuvia con neve e moito vento), TORBA.

CHUVIA CON VENTO:

BREA, CHUVASCO, CHUVASCADA, CIFRA, CIOBRA, CORISCO, CORISCADA, ZARRACINA.

CHUVIA ACOMPAÑADA DE NÉBOA.

BARRUZO, BRECA, MERA (chuvia que se desprende da néboa)

SALSEIRO: néboa provocada polo vento sobre o mar e que chega a desprender chuvia.

MARCEADA: chuvia propia do mes de marzo, intensa e que se alterna con claros.

CHUVIA ACOMPAÑADA DE TORMENTA:

TORBÓN, TREBOADA.



Elvira Fidalgo , licenciada en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago, realizou a súa tese sobre a formación de palabras en galego para designar a chuvia. A acción de chover denominábase en latín "inver", que daría lugar á palabra inverno. O nome da precipitación era "pluvia". A palabra FROALLO deriva do latín FLOCCUM, partícula de po que solta a la das ovellas e designa unha chuvia moi fina. PATUÑEIRA E PAUMEIRA serían palabras onomatopeicas, segundo esta investigadora, pois imitarían o ruído feito ao andar nas pozas. BARRUZA e palabras similares fainas derivar de BOREAS, nome en latín que designaba o vento que traía a chuvia. Outros termos como CIFRA, CEBRINA, CEBRISCA…están relacionadas con ese mesmo vento na súa denominación en grego, o vento CIRCIO. A chuvia abondosa e curta chamada BALLÓN derivaría do latín BULLIRE (bulir: ebulición). Outros termos como BATEGA derivarían do latín BATTUERE (baterse, golpear).

ALGÚNS REFRÁNS SOBRE A CHUVIA

Son moi abondosos os ditos referidos á chuvia moi abondosa: chover a cachón, chover a caldeiradas, chover a ceo aberto, chover a Deus dala, chover a manta, chover a mares…

En canto a refráns, tamén encontramos numerosos exemplos, moitos referidos ao tempo e noutros casos con referencia concreta á chuvia. Achegamos de seguido algún deles.

C**hover sobre mollado**: sucede algo malo despois doutra cousa mala xa acontecida.
Choverlle a alguén na cabeza (ou no faiado): estar tolo.
Estar como quen ve chover: non facer caso, deixar pasar as cousas.
Nunca **choveu que non escampase**: todo ten remedio.
P**or min que chova!:** tanto me ten.
Xa **choveu!:** algo pasou xa hai moito tempo.
Ano de chuvias, poucas madrugas: se chove queda un na cama, non madruga.
Auga de mediodía, auga de todo o día: se chove ao mediodía, xa non parará.
Auga de trebón nunha parte dá e noutra non: a chuvia moi forte pode estragar ou ser boa.
Auga miúda, vendaval que dura: moitas veces a chuvia fina acabará en forte vendaval
Auga/chuvia mañanceira non é duradeira: cando chove moi cedo non dura.
Brétemas no alto, chuvias no baixo: na cima do monte néboa e no val chuvia.
Cando chove e fai vento, pecha a porta e estate dentro.
Cando chove e vai sol, alegre está o pastor: o sol coa chuvia fai medrar os pastos.
Cando chove e vai sol, é tempo de requeixón: hai moita herba e daquela moito leite.
Cando o sol madruga, é sinal de chuvia.
Chuvia no mar e vento na ría, chuvia para todo o día.
No ano que moito chove o labrego traballa máis que come: é mal ano no campo.
Se o gato lava a cara, é que venta enchente de auga: cando o gato se lambe moito é que vai chover
Manda chover na Habana!: vello dito de admiración.

CASE TODOS OS MESES DO ANO TEÑEN ALGÚN REFRÁN REFERIDO Á CHUVIA, O SABER POPULAR , BASEADO NA OBSERVACIÓN, DÉIXANOS UNHA MANCHEA DE PREDICIÓNS METEREOLÓXICAS.

Auga de xaneiro, cada pinga vale diñeiro: en xaneiro a chuvia é moi boa para o campo.

Moita chuvia en xaneiro, mala anada no cabaceiro: mala colleita.

Nadal mollado e xaneiro ben xeado: é bo que chova en decembro e faga frío en xaneiro.

Se chove en xaneiro, nin boa meda nin bo palleiro: mala colleita de centeo.

Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo centeo nin bo lameiro.

Auga en febreiro mellor ca en xaneiro.

Auga/chuvia de febreiro fai palleiro: boa para os cereais.

En marzo auga que non molle o rabo do gato: é bo que en marzo chova pouco.

Abril para ser abril ten que vir con augas mil

Abril augas mil, se non é no comezo ó medio ou á fin: sempre ha chover moito en abril

Abril frío e mollado enche o celeiro e farta o gado: a auga de abril é moi boa para as colleitas.

Abril quente e mollado carga o carro e engorda o gado: moi boas colleitas.

Auga de maio trae bo pan para todo o ano: moi beneficiosa.

Moitas augas en maio traen mal ano: non debe chover moito

A mera de san Xoán leva o viño e mailo pan: as néboas e orballos de finais de xuño son prexudiciais para as viñas e os cereais.

Chuvia no mes de agosto non é chuvia que é mel e mosto: mellora a colleita de mel e uvas.

Chuvia por santa Lucía tolle a sardiña: chuvia polo 13 de decembro é mala.

OS NOSOS DEPORTES: O RUGBY.

FALAMOS CON ALEJANDRO SEGURA GÓMEZ, ADESTRADOR DO EQUIPO DE RUGBY, E CON DANI DÍAZ , XOGADOR DESTE MESMO EQUIPO. VANNOS COMENTAR AS SÚAS EXPERIENCIAS NESTE DEPORTE QUE, AÍNDA NON SENDO MAIORITARIO, CONTA CON VARIOS XOGADORES E SEGUIDORES NO NOSO INSTITUTO. DESTE XEITO COÑECEREMOS MELLOR O RUGBY E QUE É O QUE LLES ACHEGA AOS QUE O PRACTICAN E DISFRUTAN.

Haberá uns 7 anos, un grupo de amigos comezaron a xogar entre eles e despois andando o tempo organizaron partidos amizosos con outros equipos de Galicia. Estas tentativas deron lugar a un equipo de rugby que participa na Liga Galega, na que chegou a acadar o 2º posto, por riba doutros equipos de maior tradición. Unha característica deste equipo ferrolán é a xuventude dos seus componentes, o que fai esperar deles maiores logros, mesmo acadar o ascenso á Liga Nacional.O seu adestrador resposta ás nosas preguntas

QUE ACHEGA A PRACTICA DO DEPORTE AOS ADOLESCENTES?
Ten dúas facetas, por una banda o desenvolvemento físico e por outra o social, mellorando as habilidades de relación.

QUE CARACTERÍSTICAS EN PARTICULAR TEN O DEPORTE DO RUGBY?
A práctica do Rugby baséase en cinco valores: traballo en Equipo, Disciplina, Respeto, Espíritu Deportivo e Disfrute, segundo enunciou a Rugby Union of England. Entre todos eles fan deste deporte una referencia como estilo de vida desde un punto de vista máis amplo.

QUE PROBLEMAS ENCONTRAS NO ADESTRAMENTO DUN GRUPO: INDIVIDUALISMO, ESCESIVA COMPETITIVIDADE...?
O primeiro é eliminar os vicios que traen os participantes doutros deportes, o máis importante é a falta de respecto cara ao o árbitro e o rival.

QUE PAPEL TEÑEN OS PAIS DOS XOGADORES NUN EQUIPO DE RUGBY? A súa colaboración é esencial, aínda que lamentablemente, dadas as circunstancias do ritmo de vida non se lles pode pedir moito, desta maneira vémonos obrigados en moitas

ocasións a levar os pequenos nos nosos coches ás súas casas de volta dos adestramentos, por exemplo. Na nosa experiencia, unha vez que comprenden os valores dos que antes falabamos, eles son os máis interesados en que os rapaces se integren neste deporte.

Alejandro Segura.

DANI DÍAZ, MEMBRO DO CLUB DE RUGBY, RESPONDE AGORA ÁS NOSAS PREGUNTAS.

CANTA XENTE HAI NO SOFIA CASANOVA QUE XOGUE AO RUGBY?

No meu equipo de rugby hai 10 persoas que estudan no Sofia Casanova entre 4ºde ESO e os dous bacharelatos.

TI COMO EMPEZACHES NO RUGBY? INFLUIRON OSTEUS PAIS, AMIGOS…?

O meu tío xogaba no equipo e contoulle aos meus país que crearan unha canteira. Entón fun ao adestramento a primeira semana de creación da escola e encantoume.

DAQUELA DESDE O PRINCIPIPIO XA CHE GUSTABA?

Gustoume desde o principio porque era una forma se facer deporte moi divertida.

QUE DIFICULTADES ATOPACHES?

Poucas dificultades porque os adestradores foron moi bos desde o primeiro momento e a xente coa que adestraba era moi boa.

Infantís, ano 2010.

Campionato España.2011.Cortesia de Marta lago.

QUE RECORDAS DESES PRIMEIROS PARTIDOS?

Que era un deporte de equipo no que había que respectar aos árbitros moito e, ao contrario doutros deportes, todo o malo quedaba no campo.

COMO DEFINIRÍAS O RUGBY EN RELACIÓN A OUTROS DEPORTES?

Un deporte señorial no que no campo tes rivais e fóra do campo amigos. Por iso existe o terceiro tempo para relacionarse con outros equipos.

QUE TE ACHEGA O RUGBY?

Tranquilidade, porque practico un deporte que me encanta e que me relaxa.

COMO FUNCIONA O EQUIPO, HAI COORDINACIÓN ENTRE TODOS, HAI LÍDERES…?

Si, claro que hai coordinación entre todos os do equipo.E os líderes son os adestradores e o capitán do equipo.

TES A SENSACIÓN DE ESTAR PRACTICANDO UN DEPORTE MINORITARIO, MARXINADO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN?

Moitas veces nos medios de comunicación todo o tempo fálase de fútbol, pero os que practicamos o rugby sentimos que é o mellor deporte do mundo.

QUE É FUNDAMENTAL PARA XOGAR AO RUGBY?

Calquera persoa sa pode xogar ao rugby, porque hai moitas posicións no campo para as que son necesarias distintas características físicas.

QUEN SON HOXE EN DÍA OS MELLORES NO PANORAMA DO RUGY?

No ámbito europeo Gales e Inglaterra son os mellores, pero a selección de Nova Zelandia é a gran dominadora mundial. Son un equipo que practica gran rugby e ademais o fan en todas as categorías.

POR QUE É BO QUE A XENTE NOVA PRACTIQUE ALGÚN DEPORTE?

É BO PORQUE SE PODE COÑECER A XENTE NOVA, PRACTICAR UN DEPORTE É BO PARA A SAÚDE E ADEMAIS, SE XOGAS OU FAS ALGO QUE CHE GUSTA, SEMPRE ESTÁS MÁIS FELIZ.

DANIEL DÍAZ.

SOCAS INFORMA

Pediume Antía que contara aos lectores de *Planeta Lingua* que facemos na nosa biblioteca. A mellor maneira de coñecer as nosas actividades é seguirnos no noso blog: http://bibliotecasofia.blogspot.com Pero aquí podo resumir a nosa andaina nos cursos pasados.

O noso Club de Lectura xa cumpriu tres anos. O seu formato foi variando e adaptándose as necesidades dos seus socios. Este curso pasado unificamos as catro seccións (fantástica, realista, científica e cómic) nun único grupo no que íamos variando as propostas lectoras para abranguelas todas. Así os libros que limos foron:

- *La vuelta al mundo de un forro polar rojo* (novela científica de divulgación sobre a globalización).
- *Los juegos del hambre* (inicio da saga de ciencia ficción, de Suzanne Collins levada ao cine).
- *Dragal I: A herdanza do dragón* (inicio doutra triloxía de novela fantástica ambientada en Galicia).
- *Corazón de Tinta* (outra novela fantástica inaugural dunha triloxía que tamén mereceu a atención de Hollywood).
- *Cometas en el cielo* (novela realista sobre a guerra en Afganistán e a amizade e a traizón de dous rapaces).
- *Engurras* (cómic levado tamén ao cine sobre a vida dos afectados polo alzhéimer).
- *El libro de los portales* (última novidade da fabricante de *best seller*, Laura Gallego).

Reuniamos na hora do xantar na biblioteca os segundos martes de cada mes. Repartimos o labor de moderación entre nós, de tal xeito que fose rotativo. Logo subiamos as presentacións no noso blog e así está a dispor de todo aquel que se interesara por ela.

A verdade que o pasabamos bomba con nosas pizzas e bocatas. E especialmente o último día coa III edición da Festa das Tartas Literarias, no que puiden poñerme as botas cos estupendos doces que trouxeches.

Este curso seguiremos co este formato e agardamos que veñades os de sempre e moitos novos, especialmente entre os

pequenos. Temos preparada xa a lista de lecturas e vos podo anunciar que haberá cómics estupendos como *Persépole* ou *La ola*, novela científica como *A evolución de Calpurnia Tate*, novela histórica como *O pintor do sombreiro de malvas*, novela realista como *Las chicas de alambre* o *Esto no es justo*, novela de misterio como *Dez negriños*. E xa non conto máis porque Pilar me regaña.

Este curso teremos unha nova sección do Club de Lectura dirixida aos adultos. Avisade aos vosos pais, avós, veciños, padriños... Todos aqueles que o pasan ben lendo teñen a miña invitación para vir connosco.

Xa vos contarei máis cousas, estade pendentes do blog e das redes sociais. E aos de 1º da ESO, noraboa: estades de sorte, seredes os coelliños de Indias dunha nova iniciativa: os vinte minutos de lectura por lecer diarios. Veredes que pronto nos pedirán rapaces doutros cursos a mesma actividade.

Tamén este curso temos o reto da celebración do 50 aniversario do noso Instituto. O IES Sofía Casanova está de festa. E dende o meu recuncho estou disposto a compartir moitas das historias que coñezo sobre o longo traxecto deste vello insti. Xa vos irei relatando en vindeiras entregas.

Boas lecturas e bo curso, rapaces! SOCAS

PILAR BERRIO.

LETRAS GALEGAS.

Xosé María Díaz Castro é o poeta ao que se lle dedica o próximo DIA DAS LETRAS GALEGAS. É un poeta que forma parte da xeración de poetas dos anos 50, aqueles que botaron a andar logo da Guerra Civil. Cómaros Verdes, publicado en 1949, foi o primeiro libro escrito en galego que viu a luz logo da Guerra Civil. O mundo mudara moito naqueles anos e así tamén a poesía, que logo da experiencia vangardista, vólvese máis humana, canle para reflectir o mundo íntimo e angustiado daqueles poetas. Xosé María Díaz Castro é inseparable de PENÉLOPE, poema incluído na única obra deste autor de Guitiriz: NIMBOS.

Penélope, aquela que tecía e destecía mentres esperaba, é a expresión do estar de Galicia na historia. O ritmo do poema, semellante a un péndulo que vai e vén, imita ese devir dunha Galicia, que avanza cara ao futuro e retrocede cara á tradición , sen apenas tocar

coa punta dos dedos o terreo do soñado. Mentres soña e adormece. Que esperas, Galicia, que vaia vir de fóra a salvarte? Esperta do teu sono.

PENÉLOPE.

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
E a tea dos teus ollos non se move
A espranza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
Che estolla o sono mol como unha uva
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
E en soños volves escoitar a chuva.

Traerán os camiños algún día
A xente que levaron. Deus é o mesmo.
Sulco vai, sulco vén, ¡Xesús María!
E toda cousa ha de pagar seu dezmo.

Desorballando os prados como sono
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, sulco a sulco, o
outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

MANUEL ALVAREZ TORNEIRO:

UN POETA EN LINGUA GALEGA RECIBE O PREMIO NACIONAL DE LA CRÍTICA.

Álvarez Torneiro naceu na Coruña no ano 1932. Traballou 25 anos como xornalista na Voz de Galicia e ademais de dedicarse á poesía, da que é autor dunha ampla obra; publicou dúas obras en lingua castelá e nove en galego.

Podemos situar a este poeta dentro da chamada "Xeración das Festas Minervais", á que pertencen outros poetas como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Bernardino Graña, entre outros. Esta xeración levou a poesía galega na década dos oitenta a unha renovación, logo da pegada deixada pola poesía social, e é nestes anos cando a poesía galega acada a que se deu en chamar "idade de ouro", dada a enorme calidade da produción poética a partir daqueles anos. Unha mostra disto son os numerosos premios recibidos por Álvarez Torneiro, entre eles o Esquío, o González Garcés e o Premio Nacional de la Crítica que recoñece a súa obra*: Os ángulos da brasa.*Tedes de seguido dous poemas de Álvarez Torneiro da súa obra *Habitante único.*

ESAS VOCES DE ÓBOE EXTRAVIADO.

Porque todo é efémero

e dura ás veces só o tempo do asombro:

porque é de luz mortal todo o que vive,

prata de tarde breve

seda en lume, sabor nupcial en lingua

de onda leve.

Porque todo é un intre

e dura só a idade dun perfume

primavera de lóstrego pequeno,

escribo aquí as palabras

que dan testemuño

a penas.

Lectura apresurada.

Texto que xa se borra.

Porque xa está a pasar a luz que dura

e cede na camelia lume e escama

exhalación de lámpada tan grave.

Porque todo é efémero

e logo vén o frío

e envés do licor, e Mahler doe,

ou nos chaman de lonxe

esas voces de óboe extraviado

que hai que salvar da morte que nos mata

tan delicadamente .

MANDATO DO MILAGRE.

Agora

Que pasen os leprosos e describan a carne

E biquen ese lirio blindado de pureza.

Que o cego apalpe a luz, a encarnación da luz,

A tarde, o aire heleno.

Que os tolleitos inicien esta danza.

Chovan chuvias que laven este mundo.

Acouguen os agostos que non foron colmados.

Citemos a Eliot reconstruíndo a alianza.

Fagan acopio de canción os tristes.

Confiemos a música aos que tanto calaron.

Cerre a miña memoria o teu círculo

de dávidas.

MONOGRÁFICO:

A LITERATURA DE VAMPIROS.

As historias de vampiros forman parte das supersticións ou o imaxinario popular acerca das relacións vivos-mortos.No caso da cultura galega, o mundo do alén é particularmente interesante e exprésase, por exemplo, na crenza na Santa Compaña. Esas lendas populares pasaron a ser material literario no romanticismo e prerromanticismo. Neste momento era moi valorada a cultura popular, pois nela se reflectía un saber de tipo intuitivo, moi diferente do coñecemento académico, demasiado racional para o gusto da época. O romanticismo é un movemento que valora especialmente o irracional, as crenzas, os soños, as lendas: todo o que forma parte do intuitivo e irracional da alma humana. É este o momento propicio para que todo aquel material relacionado co irracional, co máis íntimo e misterioso da alma humana se convirta en materia literaria. A literatura romántica comezou a pescudar nos segredos da interioridade humana. A sensibilidade romántica presenta con frecuencia un carácter tenro e tranquilo, de suaves emocións e recordos melancólicos. Ende ben, esa melancolía deixa paso á desesperación e á angustia, á axitación sombría, gustando de visións lúgubres, de paisaxes nocturnas, agrestes e solitarias, auténtico "locus horrendus". A noite, a tumbas, os sepulcros e a morte son temas queridos pola sensibilidade romántica.

Esta estética romántica do gusto pola morte e o irracional, polo que vai alén das leis da física -neste caso o límites da vida e a morte- foi o que levou a recrear literariamente unha tradición do centro e leste de Europa, a figura do vampiro. As lendas, e en particular aquelas que se sitúan entre a vida e a morte, aquelas que exceden os límites do racional, son moi do gusto romántico.

Os comezos do vampirismo na literatura.

O vampiro é un ser da superstición popular, ende ben no século XVIII apareceu certa "febre de vampirismo", pois comezaron a circular testemuñas e diversos estudos acerca da súa existencia. Adquiren maior difusión baladas e historias acerca de vampiros. Na maioría dos casos tratábase de amantes que prometían volver logo de mortos para ficar xunto ao ser amado.

O autor alemán Gottfried August Bürger é quen realiza o primeiro tratamento literario da superstición do vampirismo, a el debémoslle o poema "Leonor", publicado en 1773. En 1797 Johann Wolfgang Goethe publica *A noiva de Corinto*, neste caso a namorada morre de pena porque seus pais non a deixan casar co seu amado e regresa da morte para estar con el. Algúns críticos buscaron similitudes

entre esta historia e a de Menipo Licio, obra escrita en el siglo II d. C.

Samuel Taylor Coleridge escribe *Christabel* en 1797: é a primeira mención aos vampiros na literatura inglesa. A influencia de Coleridge sobre a narrativa vampírica tamén se fai sentir a través do poema "Rima do vello mariñeiro", incluída no libro *Baladas líricas* do que se di que inspirou a Bram Stoker na viaxe en barco do conde Drácula desde Turquía ata as costas de Inglaterra.

No século XIX continúan publicándose baladas góticas que utilizan a figura do vampiro, como o poema épico de lord Byron *El Giaour, fragmento dun conto turco* (1813). Pero hai un dato na súa biografía deste autor que verdadeiramente contribuíu ás historias de vampiros. Unha noite de verán de 1816, acompañado de *Percy B. Shelley*, *Mary Godwin*, *Claire Clairmont* y especialmente *John William Polidori* , Byron desafiou aos presentes a escribir una historia de pantasmas. Desta idea xurdiría *O vampiro,* relato de Polidori. O protagonista vampírico, Sir Francis Varney, é o primeiro vampiro literario que adopta a escena clásica de entrar por una ventá para beber o sangre dunha moza durmida. Durante o resto do século XIX, tanto escritores ingleses como franceses, como Alexandre Dumas ou Theophile Gautier, seguiron contribuíndo ao xénero .

O motivo da muller amada defunta tamén se estende polos Estados Unidos no século XIX. O relato máis antigo é *Berenice* de Edgar Allan Poe (1835). Nos países de Europa Oriental, o mito do vampiro tamén é tratado por varios autores, no marco da recuperación folklórica producida pola efervescencia nacionalista do século XIX, aínda que estes relatos literarios raramente exceden as súas fronteiras.

Ende ben, os elementos decisivos e a fama que configuran o xénero vampírico tradicional proceden de autores irlandeses, destaca Joseph Sheridan Le Fanu, autor de relatos sobrenaturais e en especial da novela *Carmilla* , aparecida entre 1871-1872 .

Drácula (1897) do autor irlandés Bram Stoker está considerada como a obra cume da literatura de vampiros, reunindo en si moitos elementos das obras vampíricas do século XIX. Nesta novela o vampirismo é tratado como unha enfermidade sobrenatural (una especie de posesión demoníaca contaxiosa).O nome de Conde Drácula (ao que Stoker pensara inicialmente chamar Conde Wampyr o Conde de Ville, pero abandonouno por moi obvio) foi inspirado por un personaxe real e histórico, *Vlad III Draculea*, tamén coñecido como *Tepes* (o Empalador), un destacado voivoda valaco do século XV.

Vampiros do século XX.

Tras a publicación de Drácula, a figura do vampiro convértese nun elemento de referencia da literatura de terror, sobre todo a partir da súa difusión popular no teatro e no cine.

Unha das primeiras asociacións do vampirismo coa ciencia-fición é O prisioneiro do planeta Marte (1908) e A guerra dos vampiros (1909), obra do autor Gustave Le Rouge, onde se describe una raza de marcianos humanoides con ás de morcego e que beben sangue.

Howard Phillips Lovecraft situou o vampirismo en moitos dos seus relatos, xa sexa como característica das súas criaturas doutros mundos ou como parte de rituais de maxia en O *caso de Charles Dexter Ward* e en A *Tumba*. En 1926 Lovecraft publicou O Intruso, o

primeiro relato no que o vampiro é á vez personaxe e narrador.

Outro exemplo destacado na literatura vampírica de ciencia-ficción é *Son Lenda* (1954) do autor estadounidense Richard Matheson, na que o protagonista, Robert Neville, sobrevive na cidade de Los Ángeles, nun mundo afectado por unha praga que lenta pero irremediablemente aniquila a humanidade.

Durante a segunda metade do século XX, o xénero vampírico continúa, evolucionando pero ao mesmo tempo aferrándose aos seus clichés tradicionais.

En 1975 sae ao mercado O *misterio de Salem's Lot*, un dos principais éxitos comeciais de Stephen King, considerado un dos mestres da literatura de terror. Outras novelas de Stephen King, aínda que non directamente relacionadas cos vampiros, pero con marcado contido vampírico, como *"Os Tommynockers"*, presentan unhas criaturas de orixe extraterrestre que se apoderan lentamente dos corpos de seres humanos.

A humanización definitiva do vampiro prodúcese na popular saga A*s Crónicas Vampíricas* (1976-2003), unha serie de novelas da autora Anne Rice de Nova Orleáns. En 1969 escribiu un relato breve titulado *Entrevista co vampiro* , que se convertirá noutro clásico da literatura de vampiros.

A ansia (1981) de Whitley Strieber examina a bioloxía dos vampiros suxerindo que as súas características especiais son resultado das propiedades físicas do seu sangue.

Na saga *Necroscopio* (1986) de Brian Lumley, o autor combina elementos dos vampiros con elementos de ciencia-ficción. O protagonista é capaz de comunicarse cos mortos e traballa para o servizo secreto británico. Os vampiros son parasitos alieníxenas que pouco a pouco se apoderan do corpo e mente das súas vítimas.

Brian Stableford na súa novela *O imperio del miedo* (1988), retrata un mundo no que os vampiros estableceron unha orde feudal e gobernan con poderes absolutos.

A Alma do vampiro (1992) de Poppy Z. Brite revisa os elementos fundamentais do xénero.Os seus vampiros son seres amorais e depredadores, unha especie que parasita a raza humana.

Vampiros do século XXI

A literatura de vampiros continúa co cambio de século, adquire novos matices ao tempo que o xénero parece ir sufrindo certa saturación.Moitas series e sagas inclúen vampiros como personaxes da trama, xa sexa no xénero da ciencia-ficción, a fantasía, o romance, a literatura erótica…

As novelas de suspense e vampiros son quizais as máis recorrentes, destacando a serie fantástica de *Harry Dresden* (2000-) de Jim Butcher e a saga *Sookie Stackhouse* (2003-) de Charlaine Harris, que introduce elementos cómicos e paródicos.

No campo da literatura xuvenil, a literatura de vampiros vén abordando o tema do *romance sobrenatural*, que amosa as relación amorosas entre vampiros e humanos. Normalmente neste tipo de literatura a figura do vampiro aparece especialmente humanizada e carente dos trazos monstruosos e transgresores que o caracterizan. Darren Shan escribiu unha serie de doce libros (2000-2004) sobre un neno que se converte en axudante

dun vampiro. Stephenie Meyer creou unha serie sobre unha adolescente chamada Bella Swan e o seu mozo vampiro Edward Cullen; *Crepúsculo*, iniciada en 2005. Ellen Schreiber creou outra serie adolescente sobre Raven Madison e o seu mozo Alexander Sterling, tamén no mesmo ano. En 2008 Claudia Gray inicia a Saga *Medianoite* que se basea na relación entre Bianca Olivier e Lucas Ross. Por otra banda, tamén se encontra Christine Feehan, autora da saga "O príncipe escuro" na que a protagonista é unha rapaza chamada Raven que marcha á rexión dos Cárpatos, onde encontrará a un enigmático home que pouco a pouco se apoderará da súa vida.

Xogos de rol como *Vampiro: a mascarada*, *Ravenloft* o *Warhammer* tamén inspiraron novelas sobre vampiros.As secuelas do conde Drácula continúan con novelas como A *Historiadora* (2005) de Elizabeth Kostova ou *Fangland* (2007) de John Marks. No ano 2009 foi publicada a novela *Drácula, o non morto*, obra de Dacre Stoker, descendente de Bram Stoker, en colaboración con Ian Holt, un estudoso da figura literaria do vampiro.

No mundo hispánico, apenas foi tratado o tema no século XVIII, se exceptuamos a algún autor ilustrado, como o galego padre Feijoo, quen denuncia a existencia de vampiros coma unha fraude. Con esta excepción, o tema apenas é tratado. Xa avanzado o século XIX, e debido á influencia do romanticismo, algún autores inclúen a figura do vampiro, pero de forma moi dispersa e ocasional nas súas obras. Desde finais da década do ano 2000 apréciase unha crecente imitación por parte dos autores hispanos do estilo dos best-sellers e obras de éxito anglosaxonas, en especial o romance sobrenatural.

Un escritor galego que realizou unha breve incursión na narrativa de vampiros é Wenceslao Fernández Flórez co seu conto O *claro do bosque* (1922), no que aparecen unha especie de vampiros psíquicos con capacidade para introducirse nos soños das súas vítimas cando estas dormen.

En literatura galega temos unha obra breve de Alfonso Castelao *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922) onde en clave humorística relaciona a figura do vampiro cun cacique, que aínda despois de morto segue alimentándose da miseria dos vivos.

Literatura infantil e xuvenil de vampiros

O vampiro adoptou unha faceta máis amable na literatura infantil, ou ben utilizando o seu potencial cómico, facendo parodia dos seus costumes, ou mesturándoo con outros xéneros como a novela romántica, destinada a un público máis adolescente. En moitas novelas, o vampiro amósase coma un adolescente con eterna xuventude, elementos que resultan moi atractivos para o público máis novo.

LITERATURA DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS VAMPIROS.

Os escritos que intentan compilar e analizar racionalmente o tema vampírico con argumentos filosóficos, teolóxicos e científicos, aparecen en Europa nos séculos XVII e XVIII, coincidindo con rumores sobre aparicións vampíricas (probablemente incidentes de epidemias e histeria colectiva) en numerosos países de Europa Oriental. Isto produciu un interese xeneralizado polo tema, que chegou a ser comentado por escritores

como de Voltaire, Descartes y Rousseau o el padre Benito Jerónimo Feijoo.

Trazos dos vampiros

Os trazos do vampiro literario evolucionaron a partir dos repulsivos monstros do folclore popular, criaturas bestiais e de trazos desagradables. A partir do século XIX, o vampiro tende a humanizarse, adquirindo a figura dun aristócrata pálido, romántico, elegante e atractivo. Igual que os vampiros do folclore, os literarios necesitan beber sangue e non necesitan outra comida, bebida nin osixeno. Os vampiros finxen comportamentos humanos para poder camuflarse mellor entre os humanos. Tanto uns coma outros non aturan os símbolos relixiosos, como a cruz e a auga bendita, e tampouco as estacas e o allo. Algúns vampiros sofren a influencia da lúa e en xeral teñen hábitos nocturnos.

Drácula foi o principal referente para establecer os trazos vampíricos tradicionais: o vampiro desta novela pode mudar a súa forma (lobo, morcego, po ou néboa) tamén pode agatuñar sobre superficies verticais coma os muros do seu castelo. Outro trazo moi difundido por Stoker é a incapacidade do vampiro para reflectirse nos espellos, pero non se encontra no folclore. Drácula tamén ten dentes afiados e os seus beizos son especialmente vermellos[-]

También en Drácula, o cazador de vampiros Abraham Van Helsing afirma que un vampiro pode ser destruído atravesando o seu corazón cunha estaca de madeira, preferiblemente de espiño branco, ou ben somerxéndoo nunha corrente de auga ou incinerándoo. O corpo do vampiro debe ser decapitado, a súa boca enchida de allos, auga bendita ou reliquias. O corpo esnaquizado, queimado e as súas cinzas espalladas aos catro ventos. Segundo o folclore tradicional e a propia novela de Drácula, a luz do sol non é fatal para os vampiros aínda que foxen dela e prefiren a noite.

Nas novelas e relatos do século XX apréciase unha tendencia cara á humanización e nalgúns autores xa non son mortos viventes senón especies distintas da raza humana.

Algúns vampiros literarios poden voar, mediante una levitación sobrenatural ou mediante a súa capacidade para converterse en morcegos.Algunhas tradicións sosteñen que un vampiro non pode entrar nunha casa se non é invitado polo seu propietario. Nalgunhas historias os vampiros deben regresar ao seu ataúde ou á súa terra natal antes do amencer para poder descansar.

Segundo o folclore, unha das mellores proteccións contra os vampiros é lanzar unha presa de grans de trigo ou outro cereal preto do leito do vampiro, pois este ao atopalos verase obrigado a contalos.A aplicación máis coñecida deste trazo aparece en O *Conde Drake o Conde Contar*, un personaxe do show infantil de Barrio Sésamo. Este trazo tamén apareceu na serie televisiva de *Expediente X* .

CREPUSCULO:

Isabella Marie Swan, unha moza de dezasete anos que se muda a Forks, Washington, despois de que a súa nai volve casar con Phil, xogador de

béisbol, que é o seu novo padrasto; e debido ao traballo deste viaxa constantemente, polo que Bella decide vivir con Charlie, o seu pai, para que así a súa nai poida viaxar ao lado de Phil. No colexio coñece a Eric, Mike, Tyler, Jessica e Angela, que se converten nos seus novos amigos.

No seu primeiro día de clase, Bella ve cinco estudantes que lle chaman a atención pola súa beleza e a súa palidez. Sentan afastados de todo o mundo, non teñen apenas relación co resto de estudantes. Son os irmáns Cullen: Edward, Emmett, Jasper Alice e Rosalie. En realidade non son irmáns biolóxicos, senón que todos foron adoptados polo doutor Carlisle Cullen e a súa esposa, Esme Cullen.

Entre eles, Edward é quen capta rapidamente a atención de Bella. A súa atención vai en aumento, ata alcanzar o seu máximo punto cando descobre que Edward posúe unha gran forza e velocidade, xa que cando Bella está a punto de morrer esmagada por un coche, conducido por Tyler, Edward sálvalle a vida ,aparecendo xunto a ela cunha rapidez sobrenatural e parando o coche coa man. Este incidente lévaa a sospeitar de Edward, xa que non pode crer que alguén "humano" poida ser capaz de facer algo así.

Un día os seus amigos invítana á praia de La Push, e esta decide ir. Na praia, Bella coñece un pouco máis a Jacob Black , fillo do mellor amigo do seu pai. Pero cando menciona que Edward non puido ir con ela; Sam, amigo de Jacob, di que os Cullen non ían á zona deLa Push, e ela quedou moi interesada, porque lle pareceu oír que os Cullen tiñan "prohibido" o ingreso en La Push. Por isto decide persuadir a Jacob para que lle conte a historia. Bela queda intrigada, xa que Jacob lle conta unha lenda segundo a que os Cullen foran os mesmos vampiros que asinaron un tratado co seu tataravó, había máis de 50 anos.

Finalmente, unindo todos os seus indicios - forza sobrenatural, rapidez, o feito de que non se expuñan ao sol- Bela saca a conclusión de

que Edward é un vampiro.

Entre eles xorde un romance dificultoso, xa que Edward é un perigo para Bella, pero el non quere apartarse dela e ela tampouco se quere afastar del, xa que o seu amor é máis forte que o desexo de Edward de saciar a súa sede e mordela para beber o seu sangue, que para el era moito máis atraente que calquera outra cousa en todo o mundo.

Edward invita a Bella a coñecer a súa familia, e tamén a ir ver como xogan ao béisbol, xogo que gozan en especial cando hai tormenta, pero mentres están a xogar aparecen tres vampiros:James, Laurent e Victoria. James é un rastreador, a caza é a súa obsesión e decide ir a cazar por Bella.

Edward trata de protexer a Bella escondéndoa e toda a súa familia trata de escorrentar o cazador. Bella volve a Phoenix, fuxindo e facendo crer ao seu pai que non quere pasar o resto da súa vida nun pobo como Forks. É así como Bela parte nun coche con Jasper e Alice, mentres Edward queda en Forks para non levantar sospeitas. James acaba encontrándoos e engana a Bella para que vaia a unha escola de ballet á que xa fora na súa nenez. Ameázaa con matar a súa nai, facéndoa crer que a raptou, se non se reúne con el a soas.

Bella escapa dos que a protexen, arriscando a vida pola súa nai. Está a soas con James e el pretende matala. Empeza a golpeala e chega a mordela no pulso. Chega un punto en que queda inconsciente e soña que hai un anxo ao seu arredor, cando en realidade é Edward, que chegou á escena coa súa familia. O doutor Cullen empeza a curar a Bella e Edward vese obrigado a sacarlle a pezoña do corpo para que ela non se converta en vampiro.

Bella esperta días despois nun hospital

acompañada pola súa nai e Edward. Este último dille que deberían

permanecer afastados o un do outro porque é perigoso para ela, pero ningún dos dous pode estar sen o outro.

Ao final desta intrépida película , Edward pídelle a Bella que vaia con el ao baile de primavera, e acaban discutindo sobre a posibilidade de convertela en inmortal ou deixala vivir..

LUNA NUEVA:

Bela cumpre 18 anos. O seu noivo , Edward , e a familia Cullen, que son vampiros, festexan o seu aniversario. Ao abrir Bella o seu regalo, corta o seu dedo accidentalmente e empeza a sangrar. Ante esta situación, Jasper ,o irmán de Edward ,trata de atacala pero Edward deféndea, empurrándoa

cara a unha mesa. Bella corta cos vidros o seu brazo, pero o pai de Edward, o doutor Carlise Cullen, cúralle o brazo. mentres o resto da familia trata de conterse ante o sangue de Bella.

Ao cabo duns días, Edward e Bela van ao bosque e alí el confésalle que non poden seguir máis coa relación porque estará en perigo a vida de Bella e tras esta dolorosa separación, Edward tamén lle confesa que xa non a ama e que o mellor será afastarse da súa vida, abandonándoa naquel bosque. Bella encóntrase esnaquizada, xa non lle ve sentido á súa vida, durante varios meses permanece deprimida e o seu pai non soporta vela nese estado. Un día Bella sae a comer coa súa amiga Jessica para tratar de distraerse un pouco. En determinado momento as dúas atravesan unha rúa perigosa e ven uns homes de aspecto moi sospeitoso que as asexaban. Bella nese instante escoita a voz de Edward que lle advirte sobre o perigo, pero ela segue achegándose, ata que Jessica a chama para que se afaste dese lugar . Outro día mentres conducía o seu automóbil, observa unhas motos vellas e abandonadas nunha casa e pensa que

é boa idea aprender a conducir unha moto.Bella gusta desas motos e pensa arranxalas, polo que recorre a Jacob Black. Todos os días vai ata a súa casa para observar como Jacob lle repara as motos. Alí tamén coñece o amigo de Jacob, chamado Quil. Durante ese tempo Bella sente que ao lado do seu amigo Jacob, non sente tanto a dor tras a perda de Edward.
Despois de varios días, as motos xa están en completo funcionamento e Bela está disposta a que Jacob a ensine a conducilas. No primeiro intento ela ponse nerviosa e tropeza coa moto, logo escoita con claridade a voz furiosa de Edward dicíndolle que o que facía era ridículo e arriscaba a súa vida. Deste modo, Bella perde o control e cae. Jacob, asustado, corre cara a ela e saca a camiseta para pararlle a hemorraxia e Bella séntese atraída por el.
Bella decide ir de excursión con Jacob polo bosque co pretexto de observar uns osos que atacaran uns estranxeiros, pero en realidade quería recordar os momentos que pasara con Edward naquel lugar . Así que un día na mañá, saen a camiñar polo bosque pero non encontran nada novo. Bela observa como uns mozos se divirten saltando por un acantilado. Bella coméntalle a Jacob que algún día experimentará saltar por aquel acantilado.

Ao cabo duns días, Eric, Mike, Jessica e Angela deciden ir ao cine, pero cando se achega o día, os únicos que podían asistir eran Jacob, Mike e Bela. Durante a función, Mike séntese enfermo, así que vai ao baño para vomitar e Bela queda con Jacob para falar. Bela sente tamén que Jacob está ardendo de febre. Á mañá seguinte, Bella chama a Jacob para saber como se encontra pero chamada tras chamada non lle colle o teléfono.

Bela está paseando polo bosque cando encontra cun vampiro, Laurent, que quere atacala, porque Eduard tempo atrás matara a un amigo de Laurent, precisamente para protexer Bella. Pero no momento de ser atacada aparecen cinco enormes lobos que fan fuxir o vampiro.

Bella trata de ver a Jacob , que está enfermo de mononucleose, e este acabará confesándolle o segredo dos seus poderes: el é un home-lobo, e faille unha transformación xunto a aos seus amigos.

Tal como pensara, un día Bella tenta saltar o acantilado e é rescatada case inconsciente por Jacob. Charlie – amigo de Jacob- recibe a noticia de que o seu mellor

amigo morrera e decide ir ao funeral. Jacob, ciumento, crea o equívoco de que é Bella quen morreu no acantilado. Así Eduard pensa que Bella acaba de morrer e recorre aos Voluris- unha familia de vampiros que vivía en Italia – para que acaben coa súa vida. En Italia vai encontrar Bella á sua amiga Alice – irmá de Eduard- e o propio Eduard. Bela, Edward e os Volturi reúnense nun lugar moi oculto da cidade para discutir aquela situación. Os Volturi deciden que Bella debe morrer ou ser transformada en vampiro xa que coñece o seu segredo. Edward non quere transformala pero ela quere ser inmortal . El dille que entón deben casar.

ECLIPSE:

Bella Swan volve encontrarse rodeada de perigos, mentres Seattle vese asolada por unha vaga de misteriosos asasinatos e unha maliciosa vampira prosegue a súa busca de vinganza. No medio de todo iso, Bella vese obrigada a elixir entre o seu amor por Edward Cullen e a súa amizade con Jacob Black. É perfectamente consciente de que a súa decisión ten moitas posibilidades de exacerbar a eterna rivalidade entre vampiros e homes lobo. Coa súa graduación cada vez máis próxima, Bella non ten máis remedio que afrontar a decisión mais importante da súa vida.

Mentres que a maioría dos seus amigos do instituto están a recibir cartas de aceptación nas distintas universidades e envía avisos de graduación, Bella encóntrase tomando unha decisión que lle permitiría estar co seu amado Edward para sempre. Pero cústalle aceptar a condición imposta por Edward :debe casar con el e converterse en vampiro, así como aceptar as consecuencias que estas eleccións poden traer para si mesma, a súa familia e os seus amigos. Entrementres, avecíñase unha guerra. Xogando cos puntos cegos dos dons místicos da familia Cullen, unha forza descoñecida creou un exército de neófitos, composto

por vampiros recén transformados, cuxo salvaxismo e sede de sangue incontrolable está no seu momento álxido. Son peóns de Victoria (Bryce Dallas Howard) na súa obsesiva busca de vinganza, ou dos todopoderosos Vulturis, que pretenden asegurarse de que Bella siga adiante coa súa intención de facerse inmortal. A medida que o exército de neófitos, encabezado por Riley, avanza cara a Forks e o territorio dos quileute, os Cullen e a manda de lobos deberán deixar de lado o seu conflito instintivo e formar unha alianza para protexer a Bella e a súa comunidade dunha ameaza maior. Mentres se preparan para a batalla, Bella descobre máis información sobre a historia secreta da tribo quileute, a cada vez máis numerosa manda de lobos e o pasado de Jasper e de Rosalie. Este coñecemento axudará a comprender os vínculos creados entre os lobos, recoñecer o seu amor por Jacob Black e contribuír á protección dos seus seres queridos.

Son autoras deste artigo Antía Casal e Míriam Hidalgo.

PLANETA LINGUA Nº 15



galicia

D.L.: C-1944-2010

ISSN: 2171-9233

Consellería de Educación, Xunta de Galicia
Instituto Ensino Secundario Sofía Casanova Rúa O Galego Soto s/n
15403 Ferrol T 981 311 500 F 981 313 146 M 638 836
907 ies.sofia.casanova@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iessofiacasanova

IES SOFÍA CASANOVA
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA